

5

A CULTURA E A ARTE DO ROMÁNICO

Como se reflicte no Románico unha sociedade rural e relixiosa?



Pantocrátor da igrexa de Santa María de Ribes (Xirona), século XII.

Foi o Románico unha arte esencialmente relixiosa?

A arte románica desenvolveuse durante a Plena Idade Media en Europa occidental. Iniciouse no século XI e tivo a súa plenitude a mediados do XII.

Foi o estilo do mundo feudal, no que se construíron igrexas e mosteiros que se converteron en grandes centros culturais. A arte e mais a cultura do Románico eran profundamente relixiosos e pretendían reforzar a fe cristiá.

O seu nome provén da adaptación polo novo estilo dalgúns elementos da antiga arte romana (arco de medio punto e bóveda) e tamén de que se difundiu en paralelo ás linguas romances.

Como reflectía a arte románica a relixiosidade medieval? Por que a cultura se desenvolvía fundamentalmente nos mosteiros?

A O XURDIMENTO DUN NOVO ESTILO: O ROMÁNICO

No século X, a fin das grandes invasións facilitou o desenvolvemento da economía e o crecemento da poboación. Este feito propiciou a creación de novas aldeas nas que se construíron parroquias para o culto dos fregueses.

Deste xeito, no século XI toda a Europa cristiá se encheu de igrexas construídas no novo estilo románico, o primeiro grande estilo artístico que uniu toda a cristiandade.

A importancia da relixión na sociedade medieval e o peso da Igrexa fixeron que as manifestacións artísticas desa época fosen esencialmente relixiosas. Deste xeito, a arquitectura, a pintura e mais a escultura tiñan como obxectivo fundamental **exaltar a gloria de Deus** e reforzar a fe dos crentes.

A febre construtora do ano 1000

Tres anos non remataran do novo milenio cando (...) se comezaron a construír moitas igrexas. Semellaba que cada comunidade cristiá buscaba superar as demais polo esplendor das súas construcións.

Case todas as sés episcopais e mosteiros construíron igrexas consagradas a toda clase de santos, incluso as pequenas capelas das aldeas foron reconstruídas polos fieis, agora máis grandes e fermosas.

Crónica do monxe Raoul Glaber, século XI.



Colexiata de Cervatos, Cantabria, século X.

B DESENVOLVEMENTO E EXPANSIÓN DO ROMÁNICO

No desenvolvemento e expansión da arte románica por toda Europa desempeñaron un papel moi importante:

- O **culto ás reliquias** (parte do corpo ou obxecto atribuído a un santo ou santa), que se gardaban e veneraban nas igrexas.
- As **peregrinacións a lugares santos**, xa que o Románico se desenvolveu fundamentalmente ao longo dos camiños de peregrinación.

Os tres lugares máis frecuentes de peregrinación eran **Santiago de Compostela**, onde se creu ter descuberto a tumba do apóstolo Santiago; **Xerusalén**, onde se atopa o Santo Sepulcro de Xesucristo, e **Roma**, onde se atopa a tumba do apóstolo Pedro.

AS GRANDES RUTAS DE PEREGRINACIÓN



A abadía francesa de Cluny interveu activamente na difusión das peregrinacións e desempeñou un papel fundamental na orixe e difusión da arte románica.

C UNHA CULTURA EN MANS DA IGREXA

A sociedade da Idade Media era esencialmente rural, e a maioría dos fieis, analfabetos.

Tan só algúns clérigos e nobres sabían ler e escribir. Era nas igrexas onde os fregueses aprendían a relixión e as normas de comportamento cristián.

O **clero** foi o principal depositario da cultura na Idade Media, e os **mosteiros** convertéronse nos centros de estudo máis importantes ata a creación das universidades no século XII.

Neles había escolas onde se ensinaba a ler e a escribir, se aprendían materias científicas e se transmitían os principais saberes.

O **latín** seguiu a ser a principal lingua de transmisión da relixión e da cultura. Nesta lingua celebrábanse as misas nas igrexas e estaba escrita a Biblia, así como a maioría de libros.

As grandes **bibliotecas** onde se recompilaba o saber atopábanse nos mosteiros. No seu **scriptorium**, os monxes copiaban á man sobre pergamíños os libros da Antigüidade e ilustrábanos con miniaturas. O mesmo facían cos novos tratados relixiosos, filosóficos e científicos.



Monxes copistas no **scriptorium**, segundo unha pintura de 1040.




Un monxe impartindo clase ante un grupo de alumnos.

As linguas romances

Na Alta Idade Media comezaron a falarse en Europa as linguas romances como o castelán, o catalán, o galegoportugués, o francés, o italiano...

Proviñan do latín vulgar que falaba o pobo romano da antiga Roma imperial, diferenciado do latín literario e culto e que tras a caída do Imperio foi diferenciándose segundo as distintas zonas.



Os textos máis antigos que se coñecen en castelán son as **Glosas Emilianenses**, datadas a principios do século X. Consérvanse no mosteiro de Yuso, en san Millán de la Cogolla (A Rioxa).

1. Que factores propiciaron a construción de novas igrexas no século XI? Como o explica o monxe Raoul Glaber? En que estilo artístico se construíron? En que séculos predominou este estilo?
2. Que papel desempeñaron a abadía de Cluny e as peregrinacións na difusión do Románico? Observa o mapa e explica cales eran as principais rutas de peregrinación.

3. Que papel cultural tivo a Igrexa na Alta Idade Media? Por que?
4. Que eran as linguas romances? De onde proviñan?

Argumenta a resposta

5. Por que a cultura e mais a arte do Románico foron esencialmente relixiosas?

A arquitectura románica

A igrexa foi a principal construción da arte románica e representaba a gloria de Deus na Terra. A súa arquitectura ofrece unhas características semellantes en toda Europa.


A planta

As igrexas románicas abandonaron a planta basilical, utilizada nas igrexas bizantinas, e no seu lugar empregouse a **planta de cruz latina**, que simboliza onde morreu Xesucristo.

A planta da igrexa ten un brazo máis longo, que aloxa as **naves**, que se cruza con outro máis curto chamado **transepto**. O espazo onde se unen os dous brazos chámase **cruceiro**, e cóbrese normalmente cunha torre ou **ciborio**.

A cabeceira está constituída por unha **ábsida** central de forma semicircular onde está o altar, rodeado doutras máis pequenas (**absidiolas**). As igrexas de peregrinación contaban tamén cun **deambulatorio**, que facilitaba o tránsito dos peregrinos dentro da igrexa.

Tamén era habitual colocar unha **torre-campanario** xunto á entrada principal, unida á igrexa ou separada dela, que servía para chamar á oración e como torre de vivía.



A planta de cruz latina ten os brazos desiguais, mentres que a de cruz grega ou bizantina os ten da mesma lonxitude.

Bóvedas, muros e arcos

O desenvolvemento de grandes bóvedas de pedra para substituír as antigas cubertas de madeira, que eran moi húmidas e inflamables, foi unha das grandes contribucións da arte románica.


Primeiro usáronse as **bóvedas de canón**, de forma semicircular e divididas en tramos mediante arcos faixóns. Máis adiante, o cruzamento de dúas bóvedas de canón deu lugar á **bóveda de aresta**.

Como as bóvedas pesaban moito, os **muros** que as sustentaban debían ser moi anchos e ter poucos buracos. Para reforzalos, no interior das igrexas colocábanse enormes **piares** ou **columnas** e no exterior pegábanse sólidos **contrafortes**.

O **arco de medio punto**, que tiña a forma de media circunferencia, usábase para unir os piares dos muros. Tamén o utilizaban en portas e ventás, onde se sustentaba sobre columnas con **chapiteis**, a miúdo decorados.

BÓVEDA DE CANÓN

O peso dos perpiaños de pedra fai a bóveda moi pesada e esixe anchos muros para sostela. Os arcos faixóns dividen a bóveda en tramos e refórzana, xa que descargan o seu peso nas grosas pilastras pegadas aos muros.



Nave central da Igrexa de La Madeleine de Vézelay (Francia), cuxa construción se iniciou en 1096 e finalizou en 1130.

A portada

A portada principal adoita situarse na fachada oeste e simboliza a porta da Xerusalén celestial. Algunhas igrexas presentan unha única porta flanqueada por un arco de medio punto, que coincide coa nave principal. Noutras, vai acompañada de dúas portas máis que se aliñan coas naves laterais.

Todas elas están profusamente decoradas con **relevos** e **esculturas**.

UNHA IGREXA ROMÁNICA

A TRIBUNA OU O TRIFORIO

Nas grandes igrexas románicas de tres naves hai unha tribuna ou triforio por riba das dúas naves laterais.





► Basílica de San Sernín de Tolosa (Francia).

O CIBORIO

O ciborio, de planta cadrada ou octogonal, sitúase sobre o cruceiro e presenta aberturas para iluminar o interior.



San Martín de Frómista (Palencia).





A portada

Notre-Dame la Grande de Poitiers (Francia).

A BÓVEDA DE ARESTA

É moito máis lixeira e sostense sobre catro piares que permiten transmitir o peso cara aos muros exteriores con maior facilidade.



Catedral de Durham (Inglaterra).

1. Que partes presenta a planta dunha igrexa románica? Cal é o significado da súa forma?
2. Observa o debuxo e explica como é a cuberta da igrexa e que elementos a sosteñen (muro, pilastras e columnas).
3. Que diferencia unha bóveda de canón dunha bóveda de arista? Que é o ciborio? E a tribuna ou triforio?
4. Imaxina que entras pola porta principal na igrexa do debuxo. Axudándote do debuxo e da planta, escribe unha redacción explicando o que ves e salientando os elementos característicos da arte románica.

4 A pintura románica

A pintura románica tiña unha función **didáctica** (ensinar-lles aos fieis a doutrina cristiá coma nun libro), **moralizante** (axudar a distinguir o ben do mal) e **decorativa** (cubrir os fríos muros de pedra).

Unha pintura moi expresiva

A pintura estaba totalmente supeditada ás formas da arquitectura e ocupaba a meirande parte dos muros interiores e da ábsida das igrexas.

As súas características máis salientables son:

- Tecnicamente é moi **sinxela**; as representacións son **planas**, non presentan nin profundidade nin volume e non hai perspectiva nin nas representacións arquitectónicas.
- As figuras adoitaban contornarse con **grosas liñas**, e a cor, con predominio de azuis e vermellos, esténdese de xeito **uniforme** no seu interior.
- Os personaxes preséntanse sempre de forma **frontal**, tendendo á **estilización**, e teñen un marcado antinaturalismo e **hieratismo**. Malia iso, amosan unha grande **expresividade** que chega a convertelos en símbolos que expresan ideas abstractas.
- As escenas dispúñanse adaptándose ao **marco arquitectónico**. Nelas os personaxes ordenábanse **xerarquicamente**, de modo que o máis importante é o de maior tamaño. Tamén tendían a non deixar ningún espazo baleiro (*horror vacui*).
- Os **motivos** máis utilizados e repetidos eran as escenas da Biblia e os Evanxeos e as vidas de santos. Tamén se presentan representacións da vida cotiá das persoas, pero sempre cun contido moral.

Frescos e táboas

Para pintar os muros e as ábsidas das igrexas utilizábase a técnica da **pintura ao fresco**. Como cores empregábanse terras, aglutinadas con ovo ou outras colas naturais.

Tamén se realizaban pinturas sobre **táboas de madeira** cubertas cunha fina capa de xeso. Con elas cubríanse os frontais dos altares ou ben as cabeceiras das igrexas. Todas elas presentan unha distribución moi xeométrica do espazo que enmarca as diferentes escenas.

Miniaturas

Así mesmo, tiveron grande importancia as **miniaturas** coas que se decoraban e ilustraban os libros relixiosos. Eran pinturas de pequeno tamaño pero realizadas con gran detalle e colorido.



Frescos románicos da cripta de Santo Isidoro de León, século XII.



Frontal de altar de Aviá (Barcelona), século XIII.

@ Amplía na Rede...

Para saberes máis sobre a pintura románica, entra en: www.tiching.com/745353

As iluminacións

Como os códices manuscritos non tiñan índice, os copistas empregaron un sistema rápido de busca: a **iluminación**. Consistía en colocar, na parte inicial dos parágrafos, unha letra capital con debuxos coloreados que representaban o tema dese texto.




Páxina manuscrita e iluminada dunha colección de salmos, ano 1300.

QUE SE PINTABA NAS ÁBSIDAS?

As pinturas que cubrían as ábsidas ocupaban unha posición central dentro da igrexa.

Os motivos máis utilizados eran as representacións do **Pantocrátor** ou **todopoderoso** (polo xeral Cristo en actitude de bendicir rodeado dos evanxelistas) e o **Theotokos** ou **nai de Deus** (Virxe co neno Xesús nos seus xeonllos).



O PANTOCRÁTOR

Cristo aparece representado de corpo enteiro dentro dunha forma amendoada (chamada mandorla).

Atópase rodeado dos catro evanxelistas (tetramorfos). Cada evanxelista ten unha simboloxía: Xoán, a aguia; Mateu, o anxo; Marcos, o león, e Lucas, o touro.

Coa súa man dereita, Cristo bendí, mentres que, coa esquerda, sostén un libro coa inscrición: "Eu son a luz do mundo".




A PINTURA AO FRESCO

Para pintar as ábsidas e os muros laterais utilizábase a pintura ao fresco, que requiría dunha técnica moi precisa:

- Preparábase o muro cunha ou varias capas de argamasa sobre a que se colocaba unha fina capa de xeso.
- Facíase o debuxo sobre un pergamiño.
- Trasládábanse ao muro as liñas mestras do debuxo soprando po de carbón sobre o pergamiño furado e colocado no lugar correspondente do muro.
- Diluíanse os pigmentos con auga de cal e aplicábase a pintura sobre a parede, que debía regarse periodicamente con auga para atrasar o secado, xa que non se pode pintar sobre o muro seco.

O THEOTOKOS

A Virxe represéntase como nai de Deus e aparece sentada nun trono co Neno Xesús no seu colo. Ambos os dous miran cara á fronte, en actitude hierática.



1. Que función tiña a pintura románica? Por que?
2. Observa a cripta de Santo Isidoro e exemplifica nela o concepto de *horror vacui*.
3. Que características presenta a pintura románica? Selecciona cinco adxectivos que creas que mellor a definen.

4. Explica que eran os frontais de altar, as miniaturas e as iluminacións.
5. Observa o Pantocrátor e o Theotokos:
 - Descríbeos e sinala similitudes e diferenzas.
 - Cal era o seu simbolismo? Que significan os seus nomes en grego?

Que mensaxes transmite a escultura?

A escultura, igual que a pintura, tiña como finalidade ensinarlles a doutrina cristiá aos fieis. Para poder transmitir esta mensaxe, colocábanse as esculturas en partes moi concretas da Igrexa: portais de acceso, chapiteis, xambas, columnas, ménsulas, cornixas...

A maioría tiñan un contido relixioso, simbólico e espiritual, pero moitas das esculturas e relevos amósannos personaxes e escenas da vida cotiá que nos fan de como era e pensaba a sociedade feudal.

Como intentaban impresionar o visitante as esculturas das igrexas?

A Virxe de Vico
en Arnedo (A Rioxa),
século XII.



A UNHA ESCULTURA SUBORDINADA Á ARQUITECTURA

A igrexa románica estaba concibida como unha perfecta **fusión entre arquitectura, pintura e escultura**, aínda que as dúas últimas estaban claramente subordinadas á primeira. Así, a escultura debía adoptar as súas formas e proporcións á superficie sobre a que se esculpía.

A temática era esencialmente relixiosa e reproducía, do mesmo xeito que a pintura, unhas **figuras hieráticas**, ríxidas e sen perspectiva. Os grupos escultóricos tamén se ordenaban xerárquica e xeometricamente segundo a súa importancia.


Tamén abundaban as **tallas** relixiosas esculpidas en madeira e policromadas en vivas cores, que se adoitaban colocar nos altares das igrexas. Os principais motivos representados eran a crucifixión de Cristo e a figura da Virxe co neno Xesús.



Os Apóstolos do Pórtico da Gloria de Santiago de Compostela, século XII.



Esculturas da Cámara Santa da catedral de Oviedo, século XII.



Claustro da abadía de San Pedro de Moissac (Francia), século XII.

Os chapiteis

Un dos grandes elementos esculpidos eran os chapiteis nas columnas dos claustros. Representábanse diversos temas:

- A maioría de temas eran **relixiosos**, con personaxes ou escenas da Biblia. Algúns chapiteis eran historiados, o que significa que cada cara amosa un episodio dunha historia completa.
- Tamén se esculpían escenas da **vida cotiá** que, polos vestidos dos personaxes, os instrumentos que usan e as tarefas que realizan, describen como era a sociedade feudal.
- Finalmente, adoitaban representar **animais** reais ou fantásticos, que tiñan valor simbólico, e **decoracións vexetais** (volutas, follas de acanto, talos e flores, etc.).



B AS PORTADAS: UNHA BIBLIA EN PEDRA


Nas igrexas románicas, as esculturas e relevos seguían unha orde e distribución que se repetía en todas elas, con lixeiras variacións.

A portada reunía a meirande parte do conxunto escultórico porque, ao ser o primeiro que se vía antes de acceder ao templo, debía crear impacto nos fregueses.


MEMOART: Os elementos da portada



- No tímpano sitúase a escena principal da portada. Polo xeral trátase da figura de Cristo en maxestade, de maiores proporcións que o resto das figuras.
- O lintel, o parteluz, as xambas e mais as arquivoltas amosan escenas da Biblia, figuras de apóstolos ou santos, representacións de animais ou motivos xeométricos.



Pórtico de San Pedro de Moissac.



1. Por que afirmamos que a escultura románica está subordinada á arquitectura? Pon algún exemplo tirado das ilustracións.
2. Describe a *Virxe de Vico*. De que material cres que está feita? É policromada? Exemplifica nela algunhas das características da escultura románica.
3. Observa os chapiteis e descríbeos. Que tema representa cada un?
4. Observa o debuxo e a portada románica:
 - Identifica na fotografía que tipo de representación escultórica se localiza en cada parte do pórtico.

- Onde se situaba a escultura principal? Podes identificar que se representa nela?
- Xustifica por que as esculturas da portada debían causarles impacto aos fregueses.

Resolve o enigma

5. Cres que a escultura tiña a mesma función didáctica e moralizante que a pintura? Argumenta a túa resposta.
6. Cres que as esculturas dos chapiteis nos dan información sobre as formas da vida cotiá na Idade Media? Xustifica a túa resposta con algún exemplo.


6 O Románico na Península Ibérica

A arte románica difundíuse na Península Ibérica desde finais do século X, impulsada pola existencia da arte prerrománica (visigoda, asturiana, mozárabe), e alcanzou a súa plenitude nos séculos XI e XII.

Estendeuse polos reinos cristiáns do norte peninsular, nun territorio que raramente excede os ríos Ebro e Tago. O sur peninsular, que formaba parte de Al-Andalus, quedou á marxe das influencias artísticas da Europa feudal.

Os seus trazos estilísticos son comúns cos do Románico europeo, aínda que atopamos diferenzas segundo as distintas zonas e épocas. A súa difusión realizouse de leste a oeste, seguindo o Camiño de Santiago, onde se construíron numerosas igrexas e mosteiros.

A ARQUITECTURA ROMÁNICA



A ARQUITECTURA

Na difusión da arquitectura románica podemos distinguir dúas etapas cronolóxicas:

- O **Románico inicial**, de finais do século X e inicios do século XI, que se deu sobre todo en Cataluña e Aragón.
- O **Románico puro**, nos séculos XI e XII, que se espallou por todos os reinos cristiáns.

En canto ao estilo, hai que diferenciar tres grandes grupos segundo a influencia: **lombarda**, proveniente do norte de Italia, **francesa**, que segue o modelo monástico de Cluny, e **mudéjar**, de inspiración andalusí.

O ROMÁNICO FRANCÉS

Foi introducido por Sancho o Maior de Navarra, e é o estilo característico da meirande parte das igrexas do Camiño de Santiago. No século XII xeneralizouse por todo o norte da Península. Son exemplos destacados:

- As catedrais de Santiago de Compostela, Zamora e Salamanca.
- As igrexas de Santo Isidoro de León, San Martín de Frómista (Palencia) e Santa María de Eunate (Navarra).
- Os mosteiros de San Juan de la Peña (Huesca) e Santo Domingo de Silos (Burgos).




► Catedral de Zamora, segunda metade do século XII.

O ROMÁNICO LOMBARDO

Áchase no norte de Cataluña e Aragón, e caracterízase por unhas igrexas de reducido tamaño, con muros de pedra pequena, rudamente tallada, e decorados exteriormente con arcos, bandas lombardas e campanario.

Destacan o mosteiro de San Pedro de Roda (Xirona) e as igrexas de Santa María e San Clemente de Tahull (Lleida).



► Igrexa de San Clemente de Tahull (Lleida), primeira metade do século XII.



► Igrexa de San Tirso de Sahagún (León), construída durante o século XII.

O ROMÁNICO MUDÉJAR

Tamén denominado "Románico de ladrillo". Distínguese polo uso do ladrillo e polas arcadas cegas pegadas nos muros. Atópase en Castela e León, Castela-A Mancha, Extremadura e Aragón.

B A ESCULTURA E A PINTURA

A influencia da **escultura** románica francesa difundíuse en España a través do Camiño de Santiago. No entanto, a escultura peninsular presenta algúns trazos e técnicas que derivan do influxo da arte islámica.

Destacan pola súa excepcionalidade o *Pórtico da Gloria* de Santiago de Compostela e o claustro de Santo Domingo de Silos (Burgos).

Outras mostras relevantes en escultura son o claustro do mosteiro de San Pedro de Huesca e os pórticos dos mosteiros de Leyre (Navarra) e de Ripoll (Xirona).

Moitas das igrexas románicas de España presentaban **pinturas** nos seus muros, pero para asegurar a súa preservación foron trasladadas a museos.

As mostras de pintura máis importantes atópanse en Castela e León, onde destacan as de San Isidoro de León e San Baudelio de Berlanga, e en Cataluña, onde salienta o conxunto das igrexas de Tahull.



Crucifixo de marfil de San Isidoro de León, século XI.




Relevo de A dúbida de Santo Tomé en Santo Domingo de Silos, primeira metade do século XII.

FICHA ART

Observa o frontal dos Apóstolos e elabora a ficha artística da obra:

- Presentación.** Sobre que soporte se sitúa a pintura? Onde se colocaba na igrexa?
- Descripción iconográfica.** Como están distribuídos os personaxes? Quen ocupa o lugar central? Describe os apóstolos.
- Análise artística.** Que cores se utilizan? Todas as figuras teñen a mesma medida? Respéctanse as proporcións? Cres que hai profundidade e perspectiva?
- Relación entre arte e sociedade.** Lembras que mensaxe se lles quería transmitir aos fieis con estas pinturas?



Frontal de altar dos Apóstolos (Lleida), do século XII. Representa a Xesucristo nunha dupla mandorla, rodeado por grupos de apóstolos.

- En que zonas da Península se desenvolveu a arte románica? Por que?
- Explica as tres influencias que recibiu a arquitectura románica peninsular e pon algúns exemplos.

Investiga

- Observa o relevo *A dúbida de Santo Tomé*. Busca información sobre este episodio e explica en que consistiu. Quen son os personaxes?

A arte románica en Galicia

A arte románica tivo un especial protagonismo en Galicia, mantendo as súas principais características ata ben entrado o século XIII.

A A ARQUITECTURA

Existe unha gran cantidade de monumentos románicos conservados en Galicia, debido ao Camiño de Santiago.

Este estilo desenvolveuse nos **mosteiros**, a maioría dos cales teñen a súa orixe no século VII, aínda que o grande esplendor o haberían de adquirir durante os séculos XI e XII. A Ribeira Sacra e tamén a Ribeira do Miño son as zonas que concentran un maior número de mosteiros, como os de Santo Estevo de Ribas de Sil, Carboeiro, en Silleda, ou San Clodio, en Leiro.

Outro exemplo da magnificencia deste estilo en Galicia foi o inicio da construción de importantes **catedrais**. Á parte de Santiago de Compostela, as de Mondoñedo, Lugo e Ourense son algunhas das máis salientables.

En **arquitectura civil** destaca o pazo arcebispal de Santiago de Compostela, levantado polo bispo Diego Xelmírez no século XII.



▶ Porta das Praterías da catedral de Santiago, con arcos lobulados de orixe árabe.

B A ESCULTURA

A catedral de Santiago foi tamén en escultura o principal foco artístico do Románico galego.

A *Porta das Praterías* e o *Pórtico da Gloria* do Mestre Mateo son as dúas grandes obras escultóricas da cidade compostelá, cuxos modelos artísticos influenciaron de xeito notable no resto da produción escultórica en Galicia.

Segundo os modelos escultóricos da catedral de Santiago, salientan os chapiteis do claustro de Santa María a Real do Sar ou o *Pórtico do Paraíso* da catedral de Ourense.

Tamén acusa a influencia compostelá o retablo de Santo Estevo de Ribas de Sil en Ourense.



▶ Claustro da Colexiata de Santa María a Real do Sar (Santiago de Compostela), século XII. Os chapiteis que decoran o claustro son similares aos da catedral de Santiago.

C A PINTURA

En pintura, as condicións climáticas adversas da Comunidade ocasionaron a práctica descomposición da pintura mural.

Pola contra, consérvanse notables exemplos de ilustración de **códices**: *Libro das Horas de Fernando I* e o *Códice Calixtino* ou *Liber Sancti Jacobi*.



▶ Lámina miniada do *Códice Calixtino*, 1140.

O Pórtico da Gloria

O *Pórtico da Gloria* é unha obra cumio da arte románica peninsular. Este conxunto escultórico foi realizado polo **Mestre Mateo** e o seu obradoiro entre 1168 e 1188.

O pórtico, situado na fachada principal da catedral compostelá, divídese en tres arcos, sendo o central maior que os laterais.

As esculturas que o decoran seguen as características do estilo románico: adaptación das figuras ao marco arquitectónico, uso da policromía, da que se conservan rastros, e solemnidade dos personaxes. No entanto, o dinamismo e a expresión dalgúns deles, que semellan dialogar e relacionarse, anticipan o inicio do Gótico.

No tímpano do **arco central** atópase a representación principal: o **Pantocrátor** (Cristo en Maxestade), rodeado dos catro evanxelistas, de anxos e doutros personaxes bíblicos nas arquivoltas e nas xambas. No parteluz eríxese a figura do apóstolo Santiago vestido de peregrino.



Anciáns do Apocalipse con instrumentos musicais medievais.



A figura central é o Cristo en Maxestade, de maior tamaño que todas as demais.



1. Cal é a causa da existencia de numerosos monumentos románicos en Galicia? Que construcións salientan no Románico galego?
2. Elixe un edificio románico galego e fai unha ficha coas súas principais características.
3. Cales son os códices románicos ilustrados conservados en Galicia?

Investiga

4. Cos datos que che ofrece esta páxina e a información en www.tiching.com/745356, responde estas cuestións:
 - En que partes se divide o Pórtico da Gloria? Quen están representados?
 - Que se representa nos dous arcos laterais? Como se coñece a estatua do Mestre Mateo situada no parteluz?

APRENDE A...

ANALIZAR UNHA PINTURA ROMÁNICA



1. Localización

- En que lugar da igrexa se sitúa esta pintura? Que forma ten ese elemento arquitectónico?
- Que nome recibe esta representación de Xesucristo?

2. Descrición

- Identifica os personaxes sinalados cun número: Pantocrátor, Mateu, Xoán, Lucas, Marcos, Virxe María e os apóstolos. Sinala tamén a mandorla e o libro. Quen ocupa o lugar central da escena?
- Describe a figura de Xesús. Lembra que significa a frase escrita no libro que leva na man?

3. Composición e cor

- Todas as figuras teñen a mesma medida? Respéctanse as proporcións? Por que?
- Exemplifica na imaxe como se adapta a pintura ao espazo arquitectónico sobre o que está debuxada.
- Son figuras planas ou posúen profundidade? Teñen movemento ou son estáticas? Os seus rostros son expresivos?
- Que cores se utilizaron? Como están contornados? Que elementos ornamentais aparecen?

4. Técnica

- Sobre que superficie está realizada a pintura?
- Con que técnica pictórica se realizaban estas pinturas? Explica en que consiste.



Pantocrátor da ábsida da igrexa de San Clemente de Tàrragona (Lleida), construída no século XII.

5. Interpretación

- Esta pintura sitúase detrás do altar, no lugar de maior visibilidade da igrexa. Que mensaxe se lles quería transmitir aos fieis con iso?

1

Organización da información. A pintura e a escultura románicas



Observa a pintura e a escultura románicas, copia o seguinte cadro no teu caderno e compléatoo para analizar como eran:

	Pintura	Escultura
Cronoloxía		
Soporte		
Cores empregadas		
Escena que representa		
Características		




Maxestade Batlló, século XII.

Pintura da ermida de la Vera Cruz de Maderuelo (Segovia), século XII.

2 Fontes iconográficas. A igrexa románica

- a) Observa o debuxo dunha igrexa románica:
- Identifica que nome recibe cada parte sinalada cun número.
 - Cantas naves ten? Que nome reciben? Son de igual tamaño?
 - Cantas ábsidas ten? Onde se sitúa o altar?
 - Que forma e función ten o ciborio?
 - Que tipo de bóveda cobre as tres naves? Como se sustenta? Que nome reciben os arcos?
 - Que función ten o campanario?
- b) Debuxa no teu caderno a planta desta igrexa:
- Con que nome se coñece esta planta? Por que?
 - Sitúa na planta, no seu lugar correspondente, os números de todos os elementos que están sinalados no debuxo da igrexa.
- c) Define o que é un contraforte. Podes ver algún no debuxo da igrexa?
- d) Sinala as diferenzas entre unha pilastra e unha columna, e entre unha ábsida e unha absidiola.



3 Fontes documentais. A vida monástica

O mosteiro está construído no cume dunha montaña, completamente só e afastado de todo o mundo. Ten un claustro bastante cómodo, pero os monxes non se poden reunir nel como sucede noutros mosteiros. Viven case en perpetua soidade e silencio.

Cada monxe ten a súa cela ao redor do claustro, onde traballa, dorme e come. Aliméntanse de pan e legumes, que cultivan e cociñan eles mesmos, e nunca comen carne nin beben viño. Viven na pobreza máis absoluta e na igrexa non teñen decoración nin de ouro nin de prata: tan só o cáliz é de prata.


Eles non van á igrexa ás horas estipuladas para os oficios, senón que o fan cada un na súa cela, e tampouco se reúnen para as comidas, como o facemos nós que seguimos a orde de San Bieito. Non falan entre eles case nunca.

Aínda que o mosteiro é moi austero, teñen unha rica biblioteca, onde copian manuscritos e traducen libros.

Relato da visita do abade beneditino Guibert a un mosteiro da orde dos cartuxos, 1104.



- a) Como vivían os monxes da comunidade monástica dos cartuxos e que regras debían cumprir?
- b) Este texto foi escrito por un abade dun mosteiro beneditino. Que diferenzas relata entre o modo de vivir dos bieitos e dos cartuxos? Que diferenza che parece máis salientable?
- c) Cal das dúas regras monásticas coidas que é máis austera? Explica o que é unha regra monástica e que obrigas diarias lles imponía aos monxes.
- d) A maioría de mosteiros contaban cun claustro, un refectorio, unha sala capitular e un *scriptorium*. Lembra que función tiña cada unha destas dependencias.

4 Fontes iconográficas. O tímpano da portada románica



- En que lugar da igrexa se atopa esta representación escultórica? Cal é o personaxe principal da escena? Podes establecer algunha semellanza co Pantocrátor da pintura do apartado 4?
- Observa con detalle a imaxe e di que número corresponde ás escenas que hai a continuación:
 - Cristo bendí os crentes
 - anxo que conduce os defuntos
 - apóstolos de Cristo
 - péase a alma dos defuntos
 - salvados no paraíso
 - condenados ao inferno
- Que cres que debía sentir un cristián ao entrar na igrexa e observar esta escultura?

5 Traballo colaborativo. Os chapiteis románicos



Moitos chapiteis eran historiados. Para narrar unha historia, adoitábanse utilizar as catro caras do chapitel, para representar distintos momentos da historia que se quería explicar.

Organizádevos en grupos de catro para elaborar un chapitel. Para iso debesdes seguir os seguintes pasos:

- Elixide o tema para representar, que pode ser un episodio da Biblia (como, por exemplo, a vida de Xesús) ou unha historia da vida cotiá de nobres, monxes ou campesiños.
- Buscade información sobre o tema elixido e decide que escena representaredes en cada unha das caras do chapitel. No caso da vida de Xesús poderíades, por exemplo, comezar coa anunciación do arcanxo Gabriel á Virxe María.

- Cada un dos membros do grupo debuxará a escena elixida, tendo en conta que a maioría de chapiteis tiñan forma de trapecio, adaptando as figuras ao espazo dispoñible. Como moitos chapiteis estaban policromados, non esquezaades pintalo e poñer algún marco arquitectónico ou decoración vexetal.
- Despois, recortade as catro escenas e montade o chapitel uníndoas con cola.
- Para rematar, unídevos dous grupos e entregádelle o voso chapitel ao outro grupo, que deberá recoñecer que historia explica. Como o recoñecemento pode ser difícil, axudádelle con pistas ao outro grupo para que poida interpretar os debuxos.

Síntese. A cultura e a arte do Románico

A arte románica

- O Románico foi un estilo artístico que se espallou por Europa entre os séculos XI e XIII.
- Foi unha arte esencialmente relixiosa que se expandiu por toda a cristiandade estimulada polo culto ás reliquias e ás peregrinacións.
- A igrexa e o mosteiro foron as súas principais construcións, que se decoraban con pinturas e esculturas.
- A cultura da Alta Idade Media estaba fundamentalmente en mans da Igrexa, que controlaba as principais bibliotecas e escolas.

A arquitectura: a igrexa

- As igrexas mostraban a gloria de Deus na Terra. Eran de pedra e tiñan planta de cruz latina.
- Estaban cubertas por pesadas bóvedas de canón ou de aresta que se sustentaban sobre grosos muros, sen apenas ventás e reforzadas por contrafortes.
- A cabeceira estaba constituída por unha ábsida central en forma semicircular na que se aloxaba o altar.
- Nas portas, ventás e vans usábase o arco de medio punto, sustentado sobre columnas con chapiteis.
- As portadas estaban ricamente decoradas con esculturas, para abraiar os fregueses que entraban.

O mosteiro e a vida monástica

- Os mosteiros eran un conxunto de edificacións ao redor dunha igrexa e que albergaban unha comunidade monástica.
- Estaban habitados por ordes relixiosas (femininas ou masculinas) que seguían unha estrita regra monástica, como a beneditina e a cisterciense.
- A orde relixiosa marcaba o hábito, as comidas e bebidas, e establecía o horario diario de rezos, traballo e descanso.

A pintura e a escultura

- Ambas as dúas estaban supeditadas ás formas da arquitectura e ocupaban a meirande parte dos muros interiores e da ábsida das igrexas.
- Tiñan unha función fundamentalmente didáctica e moralizante, pero tamén decorativa.
- En pintura destacan a pintura mural (frescos que cubrían as paredes), a pintura sobre táboa de madeira e as miniaturas e iluminacións que se realizaban nos libros manuscritos.
- Na escultura salientan os relevos das portadas das igrexas, os chapiteis e a escultura exenta tallada sobre madeira.

1 CONSOLIDA O APRENDIDO


- a) Cal foi a orixe da arte románica. Cales foron as súas principais construcións?
- b) Enumera os elementos fundamentais que caracterizan unha igrexa románica (planta, cuberta, naves, muros, columnas, arcos...).
- c) Que é un mosteiro? Como vivían os monxes e as monxas?
- d) Que é unha regra monástica? Citas dúas ordes monásticas.
- e) Que función tiñan a pintura e a escultura románicas? Onde se colocaban as pinturas e esculturas nunha igrexa? Pon algúns exemplos.

2 DEFINE CONCEPTOS CLAVE

- | | | |
|-------------------------|---------------|-------------|
| • arco de medio punto | • arco faixón | • nave |
| • planta de cruz latina | • ábsida | • cruceiro |
| • deambulatorio | • cimborio | • transepto |

3 COMPARA CONCEPTOS

- Identifica as bóvedas e explica as súas diferenzas.



RESPONDE A PREGUNTA INICIAL

Como se reflicte no Románico unha sociedade rural e relixiosa?

TECNICAS DE ESTUDO: www.tiching.com/725138

Practica unha técnica de estudo a partir da síntese.

RETOS NA REDE



DETECTIVE DO PASADO: RomanicAPP

ACTIVIDADES AUTOCORRECTIVAS: Resolve estas actividades e repasa o que aprendiches.

www.vvd.link/012203/5